

D. JOSÉ RAMÓN ALONSO FERNÁNDEZ, en calidade de **SECRETARIO DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN** da entidade mercantil **INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A.**, con C.I.F. A-15683477, e inscrita no Rexistro Mercantil da Coruña baixo a folia SC-21.392, tomo 2.185, folio 213 do Arquivo, Sección Xeral, inscrición 1ª,

CERTIFICA:

1.- Que ás nove horas e corenta e sete minutos do día 30 de xuño do ano dous mil vinte e un reuniuse, no Salón de Plenos da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, o socio único e constituíuse a Xunta Xeral Ordinaria da sociedade municipal **INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A.** Unipersonal con carácter de **UNIVERSAL**, celebrada telematicamente ao amparo do previsto na Disposición final cuarta do Real Decreto-lei 21/2020, de 9 de xuño.

2.- Que tras declararse validamente constituída, preside a Xunta D. **JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ BUGALLO**, e actúa como Secretario D. **JOSÉ RAMÓN ALONSO FERNÁNDEZ**, coa seguinte orde do día:

PUNTO 1: Aprobación das contas anuais e distribución de resultados relativos ao exercicio 2020.

PUNTO 2: Redacción, lectura e aprobación, se procede, da Acta da Xunta Xeral Ordinaria e designación dos membros da Asemblea que asinarán a acta por delegación.

3.- Que na Acta figura o nome de todos os asistentes que por unanimidade a aproban. A Acta foi asinada, por delegación dos presentes, polos seguintes Concelleiros: Don Gumersindo Guinarte Cabada, Don José Antonio Constenla Ramos, Dona Marta Irene Lois González, e Dona Goretti Sanmartín Rei, ademais de polo Presidente, Don José Antonio Sánchez Bugallo e o Secretario.

4.- Que tras presentarse as **CONTAS ANUAIS** correspondentes ao exercicio pechado a 31 de decembro de 2020, formuladas polo Consello de Administración en data 29 de marzo de 2021, xunto co Informe de Auditoría, o socio único adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar as Contas Anuais correspondentes ao exercicio 2020, pechado a 31 de decembro de 2020, que se compoñen do Balance, a Conta de Perdas e Ganancias, o Estado de Cambios do Patrimonio Neto e a Memoria, que foron formuladas polo Consello de Administración da sociedade con data 29 de marzo de 2021, seguindo o seu modelo abreviado.

As Contas Anuais aprobadas uníronse á acta da sesión formando parte integrante da mesma.

SEGUNDO: Aprobar a distribución dos resultados do ano 2020 nos seguintes termos:

BASE DE REPARTO	2020
Saldo da Conta de Perdas e Ganancias	119.942,57
TOTAL BASE REPARTO = TOTAL APLICACIÓN	119.942,57
APLICACIÓN A	2020
Reservas voluntarias	119.942,57
TOTAL APLICACIÓN = TOTAL BASE DE REPARTO	119.942,57

TERCEIRO: Delegar a sinatura da acta de cada un dos membros da Asemblea na dos seguintes membros da mesma: Don Gumersindo Guinarte Cabada, Don José Antonio Constenla Ramos, Dona Marta Irene Lois González e Dona Goretti Sanmartín Rei.

IGUALMENTE CERTIFICA:

1.- Que no Balance de Situación aprobado recóllese un importe total das partidas de activo de 2.385.603,68 euros e un importe total das partidas de Patrimonio Neto de 431.156,41 euros. A Conta de Perdas e Ganancias aprobada presenta un resultado despois de impostos para o exercicio 2020 de beneficios por importe de 119.942,57 euros.

2.- Que a Sociedade pode formular as Contas Anuais de forma abreviada e non está obrigada a elaborar o Informe de Xestión nin o Estado de Fluxos de efectivo, de conformidade cos artigos 257, 258 e 262 do Real Decreto Legislativo 1/2010, de 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital.

3.- Que de conformidade co establecido no artigo 366.1-2º do Regulamento do Rexistro Mercantil, faise mención expresa, baixo fe do certificante, que as Contas Anuais formuladas polo Consello de Administración foron asinadas por todos os seus membros.

4.- Que as Contas Anuais foron sometidas a auditoría obrigatoria de acordo co establecido na disposición adicional segunda do Real Decreto 1517/2011, de 31 de outubro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve o texto refundido da Lei de Auditoría de Contas, aprobado polo Real Decreto Legislativo 1/2011, de 1 de xullo. Neste sentido, e mediante acordo do Pleno da Corporación do Concello de Santiago, constituído en Xunta Xeral Universal de INCOLSA, de data 19 de decembro de 2019, nomeouse como auditor titular da sociedade para os exercicios 2019-2021 (ambos inclusive) á firma Escárate Auditores, S.L. de ROAC S2242. Con data 26 de abril de 2021, a devandita firma emite opinión sen salvedades sobre as contas anuais correspondentes ao exercicio 2020. As contas anuais que se depositan correspóndense coas auditadas.

5.- Que a Sociedade non realizou operacións con accións propias durante o ano 2020.

En proba de conformidade, expido a presente certificación en Santiago de Compostela, a 12 de xullo de 2021, co visto e praxe do Presidente do Consello de Administración.

O PRESIDENTE DO CONSELLO DE
ADMINISTRACIÓN



Don José Antonio Sánchez Bugallo

O SECRETARIO DO CONSELLO DE
ADMINISTRACIÓN



Don José Ramón Alonso Fernández